

NOTA DE PRENSA



ASUNTO: O BNG e o PSOE votan en contra de iniciar os trámites para dotar o lugar de Veigas de Almorzar de saneamento, tanto para os particulares como para as empresas.

Nun acto absolutamente inxustificable o BNG e o PSOE votaron en contra, no pasado Pleno, da moción dos Populares que pedía (esta moción foi remitida completa os medios):

ACORDOS:

1. Encargue a redacción do proxecto de saneamento e dotación de servicios públicos o lugar de Veigas de Almorzar o longo da Nacional 640 nas dúas beiras, dándolle servicios a todas as vivendas e industrias dende a subida o lugar de Soutelo de Arriba ata a conexión co colector que vai a EDAR das Corticeiras.
2. Solicite todos os permisos e autorizacións sectoriais precisos.
3. Tramite a posta a disposicións dos terreos afectados.
4. Inicie o procedemento administrativo de adxudicación da obra.
5. Repercute o coste de todo elo, na parte que corresponda legalmente, a aqueles que deban cofinanciar a obra.

Agora que alguén explique como miran polos intereses dos veciños votando en contra de esta moción, e para colmo o xustifican con mentiras, o BNG para xustificar a súa lamentable postura nesta moción alega que os veciños van a pagar con cartos do Concello un saneamento para as empresas, algo absolutamente incerto posto que xa o indica o punto quinto da moción, e xustamente o revés, os empresarios teñen que asumir o coste de esta obra que beneficia os veciños, posto que é así o estar establecido no PXOM como carga sobre esa SAU, así pois a hipocresía e a mentira non teñen límite, no debate da moción chegouse a decir:

Está en contra da moción, porque os veciños, e non os empresarios, son a nosa prioridade, e non se deben destinar cartos públicos a investimentos que deben financiarse polos interesados. O PP ten que ser un pouco máis serio, e cambiar a súa actitude, pois son os veciños os que deben ser apoiados, e non un plan de promoción privada que debe financiarse polos interesados.

Ca súa postura irresponsable PSOE e BNG dexian a veciños e industrias de Veigas de Almorzar sen saneamento.

O Psoe e mais o BNG están a facer mais política de precampaña electoral que política para os veciños de Caldas de Reis, recibiron instrucións de que o enemigo ata as autonómicas e o gobernó da Xunta de Galicia de Alberto Nuñez Feijoo e polo tanto o voceiro do BNG mudou de decir no pleno de xullo que non quería saber nada do equipo de goberno do Concello chegando a decir que non quería saber nada deles porque non se fiaba de casi ningún a estar agora a partir un piñon e gobernando en coalición como teñen demostrado en varios temos, especialmente na cesión da parcela do centro de saúde onde nin nos chamaron a falar, i eso que o BNG di que sempre se ten que buscar o diálogo.



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620